

PRESTAMO PARA ESTUDOS DE POSGRAO DE MÁSTER UNIVERSITARIO OU DOUTORADO

Orde EDU/3108/2009, de 17 de novembro, pola que se regulan os préstamos ligados á posesión de unha renda futura para realizar estudos de posgraio de Máster Universitario ou de Doutoramento.

A finalidade xeral dos préstamos é facilitar o financiamento das ensinanzas universitarias de máster universitario e do período de investigación do doutorado, conducentes a títulos oficiais que se impartan en España ou os equivalentes nos países do Espazo Europeo de Educación Superior adaptadas ao proceso de Bolonia e de universidades de Estados Unidos de América e de Canadá, mediante unha axuda inicial así como, no seu caso, facilitar unha renda mensual aos estudantes que o desexen.

Estes préstamos non requiren outro tipo de garantías que as do propio estudante, por concibirse como préstamos sobre o honor.

Requisitos xerais:

- Ter a nacionalidade española ou dun país membro da Unión Europea e ser residentes en España durante cando menos catro anos inmediatamente anteriores á data da solicitude.
- Estar en posesión do título para o acceso ás ensinanzas oficiais de máster ou para a fase de investigación do doutorado ou titulacións equivalentes no estranxeiro e ter superado a última materia ou requisito para a súa obtención con posterioridade ao 1 de xaneiro de 1998.
- No caso de matrícula en países del EEES (Espazo Europeo de Educación Superior) os estudos deberán estar estruturados nos principios normativos del EEES e organizados en créditos europeos ECTS, como unidade de medida dos resultados da aprendizaxe e volume de traballo e, en todo caso e de conformidade coa normativa do país estar recoñecido como título oficial. No caso de Estados Unidos de América e Canadá, os estudos deberán estar impartidos por centros recoñecidos para a expedición dos títulos de máster ou doutorado equivalentes aos do EEES e estar estruturados en créditos.
- No caso de matrícula en másteres e doutorados en universidades estranxeiras que sexan conxuntos ou que parte dos estudos se realicen en universidades españolas ou en convenio con estas, o máster español deberá ser oficial.

Duración:

- O préstamo terá unha duración de 13 anos, dos que os tres primeiros anos serán de carencia.
- Finalizado este período de carencia, iniciarase o período de amortización polos restantes 10 anos ata o vencemento do préstamo.

Prazos:

O prazo para solicitar os préstamos rematará o 30 de maio de 2010 ou ata a finalización da cantidade destinada a este programa. Excepcionalmente e sempre e cando a situación o requira debido á necesidade de incorporación anticipada para iniciar os estudos no curso académico 2010-2011, poderán presentar solicitudes dende o 1 ao 30 de xuño de 2010, aqueles que se tiveran matriculado ou foran aceptados definitivamente en estudos de máster ou doutorado en universidades do E.E.E.S, Estados Unidos ou Canadá e cumpran os requisitos establecidos nesta Orde. Nestes casos aplicaranse os mesmos requisitos e condicións establecidas nesta orde, coa excepción do ano de terminación de estudos que será 1999 e que os créditos matriculados corresponderán ao curso 2010-2011.

Máis información: [Boletín Oficial do Estado núm. 279 do 19 de novembro de 2010](#)

<http://web.educación.es>